

ENTREVISTA

Yolanda Castaño
Poeta

'Vivimos no ciclo das erofanías' foi o libro que a elevou ó máis alto do panorama poético actual, onde é considerada A Poeta da Lingua Galega

"Moitas veces chamáronme 'rariña'; é que a notoriedade nunca cae ben"

"Escribir un verso é poetizar o mundo: traducilo a unha linguaxe poética. É máis importante que un poema che faga sentir algo que entendela letra a letra"

Selina Otero
A CORUÑA

A caba de chegar de Francia de dar a coñecer a nova poesía galega e non hai moito que viaxou a Valencia co mesmo obxectivo. O Premio da Crítica Española á mellor obra de poesía en galego no ano 1999 foi a súa consagración, pasando de ser unha promesa da xeración dos noventa a converterse na Poeta da Lingua Galega con maiúsculas. Con só 24 anos, Yolanda Castaño conta xa con cinco libros no seu currículo literario. Licenciada en Filoloxía Hispánica considérase afortunada por entrar con bo pé no mundo da literatura e reconece que tivo moita sorte ó ser ben acollida tanto pola crítica como polo público dende un principio.

—**Cómo se decantou pola poesía tan cedo, sendo tan cativa?**

—Dende nena tíveno moi claro. É difícil de explicar. Máis ben é coma se te escollera a poesía a ti, non ti á poesía.

—**¿Era das que recitaba na escola?**

—Sí, era a poeta do cole. Os meus primeiros premios foron nesa etapa, e ós 17 déronme un galardón polo meu primeiro libro.

—**¿Considérase poetisa?**

—Poeta, por favor. Poetisa soa moi cursi, non me gusta. Gústame máis poeta.

—**¿Dacordo. ¿En que momento se dixo a si mesma: xa son poeta?**

—Cada escritor é un mundo. Creo que é por un cúmulo de factores: as publicacións, a crítica, o público, os medios...

—**¿Crear da nada é complexo?**

—É imposible. Pero temos que pechar os ollos e autoconvencer nos de que é posible. Soñar que pode ser posible, inda que sepas que non.

—**¿Para escribir verso precisase unha sensibilidade extrema?**

—Pode ser. Partimos dunha sensibilidade especial. Eu digo 'poetizar o mundo', traducilo a unha linguaxe poética. Para iso hai que atopar-lo equilibrio entre expresión e comunicación, para que a mensaxe chegue ó lector. É a poderosa 'uni-

versalidade do particular', contar vivencias persoais que os demais recoñezan como súas, como propias.

—**E previamente, ler e ler...**

—Sí. Os que estamos enfermos pola literatura cremos que a poesía nace da poesía. Ler é necesario, pero non tanto en cantidade coma en calidade.

INSPIRACIÓN

"Non escribo a diario. Son pouco disciplinada para escribir. Preciso moita concentración e silencio"

XERACIÓN

"Os poetas novos únenos a diversidade, a heteroxeneidade, a mestizaxe. Conviven estilos moi diferentes"

VOCACIÓN

"De nena tíveno moi claro. É difícil de explicar. Máis ben é coma si te escollera a poesía a ti, non ti á poesía"

Ler é coma vivir outras vidas e iso aportalle moita materia prima ó escritor.

—**Hai xente que di que non entende a poesía e cerra en banda...**

—É certo. Eu sempre digo que non é necesario entender letra a letra, nin palabra a palabra. Si o poema che di algo, se che fai sentir tristeza, alegría, etc... xa está. Tampouco hai que complicarse tanto.

—**¿Qué une a esta xeración de novos poetas galegos?**

—É curioso pero creo que por primeira vez nos une a diversidade, a heteroxeneidade, a mestizaxe. Conviven estilos moi diferentes o cal é moi positivo para todos.

—**¿De quen aprendeu ou aprende?**

—Intento estar ó día de todo o novo que se fai. Aprendo de moitas materias primas aparte



CARLOS PARDELLAS

Yolanda Castaño.

da literatura coma o cine, a música, a fotografía, a pintura, a publicidade...

—**¿Contaba co premio da crítica?**

—Para nada, foi unha grande sorpresa que apostaran por unha obra coma a miña, que a escribín en plan a ver que sae de aquí. O lapis do carpinteiro de Rivas levou o premio nesa mesma edición na rama de narrativa. Abríronse moitas portas.

—**¿Moléstalle a etiqueta de "A poeta da lingua galega"?**

—Ó contrario. É un orgullo. Pero non hai que esquecer ás compañeiras que o merecen coma min.

—**¿Gústalle lerse a si mesma?**

—Non moito. Reflexiono a priori do que penso escribir pero son das persoas que corrixo pouco. Só releo os meus libros co paso do tempo.

—**¿Escribe a diario?**

—Non, son pouco disciplinada para escribir e non estou sempre inspirada. Preciso moita concentración e silencio.

—**¿A pluma, a boli, a ordenador?**

—Son incapaz de crear versos directamente sobre a pantalla. A boli.

—**¿Chamáronlle alguna vez rariña?**

—Moitas veces, pero paso de todo, non vale a pena. A notoriedade nunca cae ben e nin-guén é profeta na súa terra.

Licencia para mentir

AURELIA LOMBAO

Recibí con alegría a noticia de que USA puso en marcha la Oficina de Influencia Estratégica, con licencia para mentir, al objeto de engañar a la opinión pública mundial, manipulándola a su favor. Hasta ahora, cuando yo decía que no me creía nada de lo que me contaban desde USA, mis amigos, el indocumentado y el ex marxista corrompido, me ponían a parir por dejarme llevar de prejuicios ideológicos de antes de la caída del muro y propios de una mente retorcida como la mía. De nada valía recordarles las mentiras de Vietnam, las trolas de la Tormenta del Desierto, los embustes de la invasión de Granada, los infundios del golpe contra Allende, las patrañas de la invasión de Panamá y los cuentos de la madre que los parió. Mi incredulidad era para ellos un prejuicio contra el corazón de la democracia, de las libertades y de la cultura occidental, fruto del nefasto poso leninista que me quedó en el alma desde el 68.

Por eso, en un primer momento me alegré de que fuese el mismísimo Pentágono quien me diese la razón. El ejercicio de la mentira y de la manipulación, concluí para mis adentros, ha alcanzado tal envergadura y complejidad, que hasta necesitan una sofisticadísima oficina. Puede ser incluso, que necesiten tan diabólico instrumento porque, a pesar de todos sus esfuerzos, hay la tira de gente que se empeña en no creerse nada que venga de Yanquilandia. He ahí, me recreé, la grandeza de ser humano, siempre y al fin, radicalmente libre.

Pero reaccioné y pronto me malicié. Estamos ante otra maniobra de despiste, pensé. Pasamos todos mirando a la Oficina de Influencia Estratégica del Pentágono, mientras nos la siguen metiendo por la CNN, el Washington Post, El Mundo y la oficina de prensa de Piqué. Lo mismo que antes.

Bueno, me dije, pero por lo menos cuento con la prueba irrefutable para que mis amigos, el indocumentado y el ex marxista corrompido, admitan que de estos no hay que creerse nada. No me dio tiempo. Estaba sentándome y pidiendo la caña cuando los dos me ilustran, sin dejarme hablar, de que el problema está ahora en Pyongyang-Bagdad-Teherán, el Eje del mal, un peligro de cojones para todos nosotros.

Me puse a comentarles las evidentes ventajas del nuevo IPC, que nos lo pone todo más barato.